

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO INSTALACIÓN DE ACOMETIDA ELÉCTRICA DO CAMPO DE FÚTBOL DE CHENLO

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Por outra parte, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, alcalde pedáneo da Entidade Local Menor de Chenlo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 159.1 en relación co 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN



Primeiro. A Constitución Española sinala no seu artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Seguindo este mandato constitucional, cómpre impulsar políticas públicas de cooperación interadministrativa, en especial no mantemento dos servizos públicos de carácter local que teñen un impacto directo na calidade de vida das persoas.

Segundo. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Asemade, o actual contexto de austeridade e control do gasto público no que se desenvolve a actuación do conxunto das administracións obriga a activar medidas tendentes á xestión eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de garantir a prestación de servizos á cidadanía en condicións de calidade e igualdade.

Terceiro. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, mediante subvencións eventuais ou continuas, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscripción de convenios.

Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas

respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

Cuarto. O Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, atribuíndolle, entre outras as competencias en materia de asistencia á Administración local.

Á súa vez, o artigo 22 do antedito decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias atribuídas á Xunta de Galicia en materia de Administración local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

Quinto. Segundo dispón o artigo 163 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, é competencia das entidades locais menores a execución de obras e a prestación de servizos do seu interese. A Comunidade Autónoma poderá prestar a asistencia económica precisa para que as Entidades Locais de ámbito territorial inferior ao municipal poidan facer efectivas as súas competencias.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte das nosas entidades locais que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou recuperar o funcionamento das infraestruturas locais, de forma que as entidades que integran a administración local poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

Sexto. A Entidade Local Menor de Chenlo manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para acometer o proxecto denominado Instalación de acometida eléctrica do campo de fútbol de Chenlo, que ten como obxecto a dotación de enerxía eléctrica ao campo de fútbol mediante a instalación dunha liña de baixa tensión.

A solicitude fundaméntase na necesidade de responder de contado ante a grave situación na que se atopa o campo de fútbol da parroquia de San Xoán de Chenlo (O Porriño) que contaba cun grupo electrógeno que o fornecía de subministración eléctrica para a iluminación, quentadores das duchas, luces, vestiarios, etc. Este grupo exercía esta función ante a falta de instalación eléctrica que non existía polo seu elevado custo e pola falta de recursos e medios da entidade local menor; pero a instalación deportiva sufriu unha serie de roubos a consecuencia dos cales o cableado e os cadros eléctricos foron subtraídos e o grupo electrógeno quedou inutilizado. Xa que logo, non se pode utilizar a instalación deportiva.

A necesidade da colaboración solicitada á Vicepresidencia e Consellería acentúase pola concorrancia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrancia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé a súa convocatoria nas próximas datas, dado o avanzado do exercicio orzamentario, polo custo temporal da tramitación dun procedemento destas características.

Por outra banda, a falta de recursos da entidade local menor para poder acometer as necesarias actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a



Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para a Entidade Local Menor de Chenlo de afrontar en solitario os compromisos económicos que o restablecemento do normal funcionamento da infraestrutura deportiva, mediante a execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles e necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa en materia de réxime local, nomeadamente a Lei 5/1987, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúelle ás entidades locais, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada pola entidade local e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos locais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor da Entidade Local Menor de Chenlo.

Sétimo. Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas da Entidade Local Menor de Chenlo, co fin de que esta entidade local poida mellorar as infraestruturas vinculadas á prestación dos servizos e, xa que logo, recuperar o normal funcionamento das funcións que ten encomendadas e dos servizos que se lle prestan á veciñanza.

Oitavo. A Entidade Local Menor de Chenlo cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiaria da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, acreditou o cumprimento do deber de remisión da conta xeral do exercicio 2016 ao Consello de Contas de Galicia.

Noveno. A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.760.2 (CP 2017 00054 Proxecto de desenvolvemento dos entes locais) na que existen crédito adecuado e suficiente.

Décimo. Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza e a Entidade Local Menor de Chenlo acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Entidade Local Menor de Chenlo para a execución do proxecto denominado Instalación de acometida eléctrica do campo de fútbol de Chenlo, , cun orzamento total de 19.688,53 € (IVE incluído), segundo a memoria valorada titulada *Liña de distribución eléctrica aérea de baixa tensión dende o lugar de Cabreiros ao campo de fútbol de Chenlo*, redactada polos técnicos José Antonio González Ferreira e Marcos Núñez Garrido en setembro de 2018, cuxo orzamento se xunta como anexo I a este convenio e do cal forma parte.



Segunda. Obrigas da entidade local.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas da Entidade Local Menor de Chenlo:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
4. Tramitar o expediente de contratación da obra conforme á normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, á que rexe as contratacións das administracións públicas; será a entidade local contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.

A entidade local beneficiaria estará ao disposto no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia e nos artigos 9.c) e 10.e) do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

5. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula oitava deste convenio.
 - c. Reintegrarse o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
6. Destinar os bens ao fin concreto para o que se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, procedendo ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación que afecte á natureza do investimento.
7. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
8. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros



públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Terceira. Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

1. A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará na realización da actuación á que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de QUINCE MIL EUROS (15.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.760.2 (CP 2017 00054 Proxecto de desenvolvemento dos entes locais) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018. Este importe representa o 76,19 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.
2. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

Cuarta. Gastos subvencionables

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a entidade local como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio, incluso aqueles que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

Quinta. Publicidade dos convenios subvencionados

A entidade beneficiaria deberá dar publicidade do financiamento do proxecto pola Xunta de Galicia, de acordo coa imaxe corporativa oficial. As medidas de publicidade consistirán na colocación de cartel publicitario e de placa explicativa permanente:

1. O cartel publicitario estará colocado durante a execución do proxecto, no modelo que se incorpora no anexo II a este convenio, en que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia. Se o proxecto comprende varias actuacións, a obriga de publicidade entenderase referida a cada unha delas.
2. Colocarase unha placa explicativa permanente en todos os lugares en que se desenvolvan as actuacións, de acordo co modelo que se incorpora como anexo II a este convenio, en que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia.

Sexta. Conta xustificativa

1. Para percibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, a Entidade Local Menor de Chenlo deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:



- a) Facturas e, de ser o caso, certificacións de obra con relación valorada e tramitada conforme o procedemento que rexe para a Administración local.
- b) Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria, en que se faga constar:

- O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
- Que a entidade local non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade local está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

- Prezos dos carteis informativos e das placas explicativas así como a data de colocación de cada un destes elementos.

- c) Certificación emitida e asinada electronicamente polo secretario ou pola secretaria da entidade local beneficiaria, na cal se faga constar:

- O acordo de aprobación polo órgano competente da entidade local beneficiaria das facturas e, no caso de obras, das correspondentes certificacións de obra, no cal conste que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.
- Que, segundo informe da intervención, se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.
- Que na tramitación e contratación das obras e/ou equipamentos se cumpriu a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas.

- d) En cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na orde deberán achegar ademais:

- Fotografías do lugar ou lugares onde se efectuasen as actuacións, tomadas antes, durante e con posterioridade á súa realización. A presentación das fotografías farase de xeito que permita identificar os lugares e o momento da execución a que correspondan.
- Fotografías do cartel ou carteis das actuacións, segundo o modelo do anexo II deste convenio.
- Fotografías da placa ou placas explicativas permanentes, no modelo do anexo II deste convenio, colocadas nun lugar visible no lugar das actuacións, que deberán permanecer durante, cando menos, cinco anos.

- e) Nos supostos en que sexa esixible, a entidade beneficiaria deberá presentar:



- As tres ofertas que debe solicitar e obter.
 - Copia compulsada da resolución de adxudicación da obra ou equipamento, onde quede acreditado que a elección entre as ofertas recaeu na proposta económica máis vantaxosa.
2. A Dirección Xeral de Administración Local poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.
 3. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 3 de decembro de 2018.
 4. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro

Sétima. Subcontratación parcial ou total

1. Para a execución do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio a Entidade Local Menor de Chenlo poderá subcontratar parcial ou totalmente a actividade ou investimento subvencionado, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.
2. Nos supostos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, todas as entidades beneficiarias deberán solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación, e achegalas xunto coa documentación xustificativa da subvención.

Tamén deberá achegar a resolución de adxudicación da obra e/ou equipamento, na cal se xustifique a elección entre as ofertas presentadas que, con carácter xeral, recaerá na proposta económica máis vantaxosa. No suposto de non recaer a adxudicación na proposta económica máis vantaxosa, deberán achegar unha memoria en que se xustifique expresamente a elección do adxudicatario do contrato.

Oitava. Efectividade dos pagamentos

1. De conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 2 de outubro) e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.
2. Sen prexuízo do anterior, a entidade local beneficiaria está obrigada a acreditar documentalmete, mediante xustificante de transferencia bancaria, a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención concedida.
Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, a entidade local presentará un certificado da intervención en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria da entidade local do aboamento da subvención.
3. O xustificante da transferencia bancaria estará debidamente identificada e selada pola entidade bancaria, e asinada dixitalmente pola persoa representante da entidade beneficiaria das subvencións.




Novena. Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito da Entidade Local Menor de Chenlo ao cobramento da subvención no suposto de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.
2. Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio as seguintes:
 - a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixidas na cláusula sexta deste convenio.
 - b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión as seguintes:
 - Non executar o proxecto que constitúe o obxecto deste convenio. Para estes efectos, entenderase que non se executou o proxecto completo cando se xustifiquen conceptos ou elementos que representen un importe inferior ao 60% sobre o orzamento inicial.
Exceptúase aquel suposto en que a redución do custo final da execución do proxecto derive da baixas de licitación a favor da proposición economicamente máis máis vantaxosa.
 - Naqueles casos en que sexa de aplicación o artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia e a entidade local non acredite a solicitude dun mínimo de tres ofertas de diferentes provedores e/ou a falta ou insuficiente acreditación de que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios de eficiencia e economía e que recaeu na oferta económica máis vantaxosa.
 - Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula quinta.
3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décima. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.
- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, a entidade local comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.
- c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao orzado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe alcanzar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.



- d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos na cláusula oitava constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Undécima. Compatibilidade con outras subvencións

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra subvencionada.

Duodécima. Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos seus servizos técnicos resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

Décimo terceira. Seguimento do convenio

1. Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión de mixta de seguimento, integrada por dous representantes da Dirección Xeral de Administración Local e dous representantes da entidade local.
2. A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretario quen se designe da mesma forma.
3. A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando así o solicite algunha das partes.
4. As súas funcións serán:
 - Interpretación do convenio
 - Intervención previa á resolución por incumprimento
 - Proposta, de ser o caso, de addendas
 - Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes
 - Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

Décimo cuarta. Causas de resolución

O presente convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución,



- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Calquera outra causa prevista nas leis

Décimo quinta. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 3 de decembro de 2018.

Décimo sexta. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo sétima. Publicidade do convenio

1. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.
2. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo oitava. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por duplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela

O alcalde pedáneo da Entidade Local Menor
de Chenlo



Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

Anexo I. Orzamento do proxecto


Nº	Ude	Descrición	Medición	Prezo	Importe
1.1	Ha	Roza manual empregando ferramenta manual axeitada dunha matogueira de diámetro basal igual ou inferior a 3 cm, en terreos con pendentes superiores á 30%, e cunha superficie cuberta do 100%, e respetando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse. No caso de que a superficie cuberta sexa inferior á 100%, a medición verase afectada por un coeficiente redutor equivalente á proporción de superficie cuberta expresada en tanto por un. (Táboa salarial persoal eventual SEAGA)			
		Total Ha	0,100	2.939,94	293,99
1.2	Ud	Poda manual de ramas ata unha altura máxima de 6 m, en arborado con ramificación monopódica. (Táboa salarial persoal eventual SEAGA)			
		Total Ud	30,000	1,42	42,60
1.3	Pe	Corta manual de pes con diámetro normal superior a 30 cm.			
		Total pe	40,000	1,65	66,00
Total orzamento parcial nº 1 ROZA E LIMPEZA :					402,59
2.1	M	Condución eléctrica realizada con cable unipolar trenzado e aislado, formando un haz de 3x95 mm2 Al e neutro portante de 54,6 mm2 Almelec, tensión de servizo 0,6/1kV, e neutro fiador de almelec, con illamento de XLPE, temperatura máxima de utilización 90° C, segundo UNE-21030; segundo REBT.			
		Total m	1.630,000	7,76	12.648,80
2.2	Ud	Ud. Caja general protección 40A trifásica incluído bases cortacircuitos y fusibles calibrados de 40A (III+N+F) para protección de la línea general de alimentación situada en fachada o interior nicho mural. ITC-BT-13 cumplan con las UNE-EN 60.439-1, UNE-EN 60.439-3, y grado de protección de IP43 e IK08.			
		Total Ud	1,000	83,65	83,65
Total orzamento parcial nº 2 INSTALACIÓN ELECTRICA :					12.732,45
3.1	Pa	Xestión de residuos de obra comprendendo as operacións de reutilización, valoración ou eliminación. Incluso as instalacións previstas para o almacenamento de residuos, manexo, separación e outras operacións, para o cumprimento do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición.			
		Total pa	1,000	220,00	220,00
Total orzamento parcial nº 3 XESTIÓN DE RESIDUOS :					220,00
4.1	Pa	Medidas xerais de seguridade e saúde a tomar nas obras para realizar, con medios auxiliares, proteccións de seguridade colectivas e persoais, sinalizacións e instalacións provisionais de obra. Medida a unidade completa.			
		Total pa	1,000	318,50	318,50
Total orzamento parcial nº 4 SEGURIDADE E SAUDE :					318,50
Capítulo					Importe
1 ROZA E LIMPEZA					402,59
2 INSTALACIÓN ELECTRICA					12.732,45
3 XESTIÓN DE RESIDUOS					220,00
4 SEGURIDADE E SAUDE					318,50
Presuposto de execución material					19.673,54
13% de gastos xerais					1.777,56
6% de beneficio industrial					820,41
Suma					16.271,51
21% IVE					3.417,02
Presuposto de execución por contrata					19.688,53

Ascende o orzamento de execución por contrata á expresada cantidade de DEZANOVE MIL SEISCENTOS OITENTA E OITO EUROS CON CINQUENTA E TRES CÉNTIMOS.



Anexo II. Medidas de publicidade**a) CARTEL PUBLICITARIO DURANTE AS OBRAS**

	XUNTA DE GALICIA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA	Espazo para inserir o escudo ou logotipo do concello
ESPAZO PARA INSERIR A DENOMINACIÓN DO PROXECTO SUBVENCIONADO		
Orzamento: _____ €		
PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO DOS ENTES LOCAIS		

Dimensións do cartel publicitario:**Observacións**

As cores da Xunta de Galicia serán as definidas na correspondente imaxe corporativa.

Instrucións para o cartel

- O escudo e o nome da entidade local serán da mesma altura que o da Xunta e irán situados no ángulo inferior esquerdo do cartel.
- Se o proxecto comprende varias actuacións, a obriga de publicidade entenderase referida a cada unha delas.



b) PLACA EXPLICATIVA PERMANENTE

	XUNTA DE GALICIA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA	Espazo para inserir o escudo ou logotipo do concello
ESPAZO PARA INSERIR A DENOMINACIÓN DO PROXECTO SUBVENCIONADO		
PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO DOS ENTES LOCAIS		

Observacións sobre a placa:

- Dimensións mínimas: Tamaño DIN-A3
- Para a elección dos materiais e do sistema de colocación deberá terse en conta a durabilidade (colocación mínima durante 5 anos).

Cores

- As cores correspondentes á Xunta de Galicia serán as definidas na imaxe corporativa.

